




VOZ DAS PARROQUIAS DO CARBALLIÑO

20 pesos



Decembro-93

N.º 0

Editado polas AA. VV. do Concello

Impreso en papel reciclado. 

Dep. Legal OUR. 7 - 94

Non nos responsabilizamos do contido das colaboracións.

EDITORIAL

ESTE que tes nas mans é o primeiro número de a VOZ DAS PARROQUIAS, quen no sucesivo, ten projectado saír, cando menos, e coa axuda de todos, unha vez por semestre. A VOZ DAS PARROQUIAS, pretende sinxelamente acadar a ser, o mesmo que di o seu título, a voz das parroquias que constitúen o agora concello do Carballiño, e falar das súas carencias, inconveniencias, desexos, anxeios e realizacións coa verdade por diante, e sen triunfalismos.

Non esquezamos que a parroquia, aínda hoxe, segue sendo a verdadeira e indiscutible institución básica, na orde territorial, do pobo galego. E nestes tempos de verdadeiro abandono de iso que lle chaman "o rural", é preciso que teñan voz propia e súa, como institución sobranceira na realidade do noso país, como no Estatuto de Autonomía de Galicia, se fai constar no seu artigo 40.3, cando di que por Lei de Galicia poderase: "recoñecer personalidade xurídica á parroquia rural", cousa que deica agora non se fixo, pese a que pasaron xa, dende o ano 1981, en que se aprobou o Estatuto, máis de doce anos, e tres lexislaturas do Parlamento galego.

O longo da historia, a nosa parroquia rural, comeza xa no castro celta, e continúa coas vilas romanas, e segue coa freguesía ou parroquia cristiá, nunha solución sen continuidade, nun país onde o seu ruralismo nace da mesma natureza da terra, e da dispersión da súa poboación, que loxicamente xenera, como institución adecuada e axeitada, a parroquia.

A parroquia que sempre loitou soa, sen máis apoio có da razón e xusticia, endexamais foi ben atendida, e as súas moitas e iradas voces perdéronse, como se acostuma a dicir, no deserto. Pero cando foi capaz de unirse e axuntarse, tivo éxitos tan sobranceiros como a rebelión dos hirman-

diños, a finais da Idade Media, se ben a represión foi tan forte, que os deixou tan escarmentados, e fixo que non se producise outra rebelión en catro séculos, ata comezos deste que andamos, e que dese-guida vai rematar, en que as sociedades agrarias parroquiais loitaron xuntamente e tenazmente, contra os foros, ata acadar que os mesmos fosen redimidos, ou neste intre, nas loitas pola cuota lo leite, e outras semellantes.

Nesta liña aspiramos a ser un voceiro das parroquias do Carballiño, e a intentar formar unha conciencia parroquial, na que se teña en conta a nosa identidade. E en loitar por conquistar unha verdadeira unión, que redundará en beneficio noso, como o amosa a festa das parroquias, que temos celebrada, e que terá lugar tódolos anos, dándolle a mesma un matiz cultural e de exaltamento dos valores da parroquia, en que teña lugar.

Loitaremos tamén para acadar que saia a agardada Lei das parroquias, nesta lexislatura, que agora comeza, facendo se é preciso a recollida de firmas para conseguir que o Parlamento galego se ocupe dela.

Isto non quere dicir, que as parroquias que formamos o conello de Carballiño, nos axuntemos para loitar contra o concello, senón para colaborar con el, e conquistar os mellores resultados para a vila capital e as parroquias, da xestión do concello, pois o mesmo é, como sabemos, obra de todos e representa os nosos votos.

Pero si temos a obriga de dicirle todo aquilo que consideremos ben ou mal feito, e de poñer no seu coñecemento, os anxeios e aspiracións das parroquias que o constitúen, pois por iso aspiramos e desexamos ser efectivamente "a voz das parroquias" do Carballiño, como sinala o nome que levamos.

¡HOLA! As AA. VV. do Concello nacemos hoxe como medio de comunicación, e por eso un servidor de Vds. quere, antes de seguir, dar as gracias a todos os lectores e ós posibles que no futuro se subirán ó noso carro.

A miña función no xornal é facer un percorrido polo mundo rural carballiñés para contarlle ou resumir as novas que alí acontecen. O meu "desterro" é voluntario, pois gústame desenvolverme neste medio rural que ó fin e ó cabo foi onde viñen ó mundo, aínda que moi perto da vila, onde case desenrolei a metade da miña vida por motivos de escola, traballo e diversión; pero a hora de escoller a vivenda, decanteime pola aldea, pois á verdade aquí navila vexo todo moi confuso por non dicir "corrupto".

Ata fai pouco, se falabas en galego, defenestrábante, aínda que hoxe está de moda na "democracia" carballiñesa. Na escola de pago, non tiñas opción algunha por ser da aldea, e as maestrillas eran as señoras xa se sabe quen. Aínda hoxe se non eres achegado ó partido que goberna no teu Concello, ou pasas de largo, ou che aplican as Ordenanzas a rexataba; claro, que esto tamén pasa nas aldeas, pois ou te subes ó carro do cacique (que haberlos haillos), que todos sabemos quenes son, ou non che poñen a luz no curro nin che botan cemento no carreiro que vai ata á túa casa, porque por construír botándote fóra dos balados, tes o que mereces; carreiros.

Voltamos á vila, que cada día que pasa desmedra para desgracia de todos. A vila que se fixo arredor da feira, parece que agora se está a desfacer tamén: arredor da mesma feira.

O comercio, case a única "industria" do Carballiño está en decadencia, os comerciantes xa se aplican a lei de "cómproche por que me compras", é dicir, en vez de vendas hai intercambios; comparando ben recórdanos os anos da post-guerra, ben chamados da fame, onde os paisanos da ribeira subían á montaña ou viceversa, e intercambiaban o viño polo pan, etc.

Estes outros moitos motivos son os que me dan fincapé a coller o cabalo e recorrer o mundo carballiñés, que por certo, lémbrome que aínda non coñecía os recunchos, e aposto con Vds., que hai lugares que nunca visitaron polos motivos que foran; eso sí, podemos gavarnos que estivemos na Costa do Sol ou nalgún outro sitio máis lonxano, pero o noso entorno, para ben ou para mal, non o coñecemos.

Nesta primeira viaxe de paso, procuro facer unha memoria de todos os lugares, quizáis sen mención especial para ningún, no sucesivo iremos contando os acontecementos máis sobresaíntes que acontezan neste intervalo de tempo.

Saímos do Carballiño con dirección á parroquia de Señorín, por onde pasamos e completamos ata O Torrón e Centeás. De aquí seguimos a Montegrande, As Caldas, Varille e Partovia, que é a cabeza da parroquia que leva o mesmo nome e a conforman os tres pobos anteriores máis o Candedo, Penedo, Covelo, Sona, Refoxo, Porto de Eguas e A Guisar.

Baixamos agora ata a parroquia de San Félix do Varón, visitando os lugares que a forman, tales como Vifox, O Campo, Cimadevila, Elfe, Fonteantigua, Lodeiro, Sarandín e A Veiga; seguindo a duras penas as augas do río Carrás ata a súa desembocadura, xa collemos a estrada de Cabanelas, tamén parroquia, que non me lembro xa a orde de visita, pero podo dicir que según me dicían os veciños, estiveron en Cabodevila, Rodelo, Suasventanas, Velvis (eirexa), Quintela, Saborida, Fondevila e Cimadevila.

Estrada arriba, atopei os dominios da parroquia de Banga, e podo dicir como xa o fixen anteriormente que estiveron no Campo, Cimadevila, Cruceiro, Pazo, Souto, Viñoa e Casansedo.

Levo percorrido cinco parroquias e é curioso ver como xa se comezan a repetir nomes de lugares.

Agora dirixome á parroquia de Sagra e paso por Lebuzzán, Penedo, Fraga, Corbal, Trigás, Sagra (eirexa), Carpadeira, Lámparas, Reguenga, Bouteiro, Miomás e Seara.

Estou deste último lugar case en Mesego, que dá nome á parroquia, pasando por Alboio e Mesego do Cabo.

.../...

.../...

¡HOLA! AS AA. VV.

Cruzo a estrada de Pontevedra e dirixome ós dominios da parroquia de Longoseiro, pasando por Godás, Pontarriza, Enfesta e o propio Longoseiro pobo.

Cruzamos a estrada de Astureses e atopámonos na parroquia de Veiga, vendo A Gouxíña, Vilar, O Campo, Costiña, Grova, Pazo e Ollal. De aquí despla-zámonos ata a parroquia de Mudelos, pasando pola Xesteira, Pacinos, Bubela, Mudelos e a Barreira. Seguimos a estrada do Irixo chegando a terras de Madarnás por Barro, Pazo, Eirexa, Esgueva de Abaixo, Esgueba de Arriba, Madarnás, Medela e Batallás. Dende aquí, temos un longo camiñar atravesando o monte e camiños de Loureiro, ata chegar a Madanela, pertencente xa á parroquia de Sta. Uxia de Lobanes; baixamos por Bertamil, Valfrio, Dornela, Xuio, Costoia, Boedes, Larouce, Bagarelas, Trigás, Paradela, Mosteiro e Fontao. Seguimos baixando ata a parroquia de A Piteira, por Souto, Valeiras, Sobrado, Piteira, Carballeda, Pol, Zafra e Lama.

Atravesamos agora o río Arenteiro, par adentrarnos en terras da parroquia de Seoane, por A Granxa, Saa, Barrosa (eirexa), Palleiras, Lagoa, Carretera, Varón e Mouriz.

Seguimos baixando, rumbo a Arcos, parroquia de Santa María, non sen antes visitar a Uceira, Arcos e Framia; coma quen di, estamos de Volta no Carballiño, que é o epicentro de onde saímos.

Aquí damos a viaxe por acabada e espero que os nosos lectores se den conta que estamos a describir os lugares das quince parroquias, que son as ramas do carballo que conforma o anagrama que fai un ano eliximos as Asociacións Veciñais do Concello, como distintivo, e que xunto co carro do país seguirá a se-lo noso emblema.

Só me resta dicir, que se algún queda omitido neste recorrido, gustaríame moito que mo fixeran saber para que na próxima viaxe o poidamos incluír.

José Ramón Piteira Pérez
A. VV. TORRÓN

SABER LEER

Contáronme hai tempo e se cadra non foi certo, pero vén sendo o conto de que o señor Anselmo, un labrego das Pontañas, tivo necesidade de se achegar á consulta dun avogado por ver se lle tiraba as dúbidas que o viñan remoendo dende facía algúns días e que non o deixaban durmir polas noites; que, xa se sabe que, quen non ten que discurrir, inventa e a teima do noso home era cos veciños que sempre andaban a amolalo.

Cando non lle trocaban as horas de regar para o lameiro dabaixo, viñan as vacas da señora María e entrábanlle na chousa pequena ou pasáballe polo carreiro de a pé algún aproveitado co carro, sen sere, a máis, tempo das ceifas.

Tódolos días que podía repasaba nos marcos das súas leiras por ver se lle mudaran algún de sitio e non topando de que queixarse remoía polo baixo cando se cruzaba cun lindante: Entre marco e marco non hai arco.

Unha das súas teimas era posuír un libriño de leis para llo poder pasar por diante das nafras ós veciños do lugar e deixalos apampados. Talmente como o señor Magin, dos Gallaos de Arcos, que tiña de libro de cabeceira un vello Código Civil, que estaba sempre a ler cando ía a se bañar ó muíño do Cuco. Pero, por outra beira, amargáballe gasta-los cartos no libro, que de tan aforrador que era, peseta que caía nas súas mans non voltaba a ve-la luz do sol.

O noso home acudiu, pois, á "consulta de letrado" e cando este escoitou todo o que o señor Anselmo lle expuso, colleu un libro do andel da súa biblioteca e logo de explicarlle porque aquelas fiestras non podían seguir abertas, sinaloullo no Código Civil: ¿Ve vostede? Aquí llo di ben clariño; artigo 582.

Pagou o señor Anselmo a consulta e pareceulle que, cos cartos que lle dera ó letrado, tamén podería merca-lo Código Civil, tan cobizado dende facía tempo.

Señor avogado -dixolle o tío Anselmo- eu tamen podo mercar ese libriño que vostede ten e cando me cumpra non teño que vir aquí; chegárame con abril e consúltalo.

Mesmamente -respostoulle o avogado- ¿E vostede, que parece home tan asisado, sabe ler? E ó tempo que tal dicía abriu o libro e poñendo as mans nos ringuilóns tapou as letras, invitando ó señor Anselmo a ler no espacio en branco.

¡Pero señor avogado, vostede está por me embromar! ¿Como pensa que poida ler eu onde non hai letras? -Dixolle o tío Anselmo-

E respostoulle o letrado: Pois aí, meu amiguiño; aí, xusto, é onde ten vostede que saber ler.

Xosé Prada Martínez.

Experiencias vividas en parroquias da Limia Baixa

Fai uns dezaioito anos aproximadamente que uns cantos labregos das parroquias de Grou, Santa Comba de Bande, Bangueses, Parada de Outeiro e unhas cantas máis, por no dicir todas, viron a necesidade de agruparse para defender os intereses dos traballadores do campo.

A Baixa Limia era unha bisbarra moi deprimida e explotada por intereses do capitalismo. Os produtos máis importantes de produción do campo: becerros e o leite, tamén os máis significativos non se pagaban nin ó prezo lexislado. A formación cultural e as economías familiares eran practicamente nulas. As vías de comunicación: teléfono, correo, etc, xunto coa maquinaria agrícola, totalmente rudimentaria, é reducida a un carro de vacas con arados de pau. Os tipos de vivenda, unha mezcla de cuadras para animais é moi parelles para as familias labregas. Non existía instalación de auga nas vivendas, tampouco cartos de baño, e polo tanto tampouco o alcantarillado. Os caldeiros eran os portadores da auga ás casas. Si que había emigración forzosa. O minifundismo mezclábase cun forte traballo de escasa produción.

PRIMERIOS PASOS A DAR

Ante esta triste realidade e situación tercermundista ¿Qué facer? ¿Cáles eran as forzas coas que se podía contar para a solución de tantos problemas? E comezando polos mesmos labregos, asegurados polas Axencias de Extensión Agraria e en compañía de algúns cregos da bisbarra, decidiron buscar solucións a estes problemas máis acuciantes. Pero ¿onde xuntarse? Antigas escolas, capelas, palleiros, teleclubes, foron testemuñas dos primeiros encontros informais. Era moi necesario, información cultural sobor dos dereitos dos labregos, ¿Quenes podían prestar máis colaboración e axuda para o coñecemento das distintas realidades que afectaban a cada pobo?

AS PARROQUIAS

Penseuse na forza natural que ten a parroquia como tal, xa que esta na Limia Baixa está formada por un pobo central onde existe un alcalde pedáneo e varias aldeas que pertencen á mesma parroquia cun "vigairo" ó frente de cada unha. Despois de varias xuntanzas informais había que nomear unha coordinadora de parroquias máis acuciantes. Pouco e pouco a dinámica das xuntanzas foi medrando. Os mesmos labregos propoñen a orde do día e o lugar da xuntanza dos parroquianos. Nalgunha ocasión era un só punto a tratar, por exemplo: ¿Están de acordo a comezar os trámites para unha traída de auga ás nosas vivendas co noso traballo comunitario? Un punto que daba moito que falar e escoitar e que moitas das veces nun lugar mal axeitado como podía ser un alpendre dunha capela, ou a mesma capela co crego presente e animando, ou nun palleiro sen luz e cheo de frío, pero con moito ánimo e calor humano.

XUNTANZAS. O longo de varios encontros, tres aspectos foron tratados como fundamentais:

A) Formación Cultural. B) Programación Cultural. C) Traballos Comunitarios.
A) FORMACIÓN CULTURAL. Esta naceu dalgúñas accións operativas e da problemática que os mesmos labregos presentaban nas distintas xuntanzas que quincenal ou mensualmente xurdían nas distintas reunións. O feito de asistir ás mesmas considerábase moi positivo e formativo: Coñecer as situacións, saber expoñer publicamente os feitos e saber escoitar ós demais.

Entre os mesmos labregos nacen "os líderes das distintas comunidades" que son os encargados de convocar nos "concellos" do pobo ou á saída da misa dos domingos. Os cregos son tamén os dinamizadores e animadores das xuntanzas. Pouco e pouco a dinámica das xuntanzas foi medrando. Os mesmos labregos propoñen a orde do día e o lugar da xuntanza dos parroquianos. Nalgunha ocasión era un só punto a tratar, por exemplo: ¿Están de acordo a comezar os trámites para unha traída de auga ás nosas vivendas co noso traballo comunitario? Un punto que daba moito que falar e escoitar e que moitas das veces nun lugar mal axeitado como podía ser un alpendre dunha capela, ou a mesma capela co crego presente e animando, ou nun palleiro sen luz e cheo de frío, pero con moito ánimo e calor humano.

B) PROGRAMACIÓNS CULTURAIS. Consistiu a programación cultural:

1) Nunha serie de cursos que respondían ás necesidades máis fundamentais dos labregos, amas de casa e xóvenes. Para labregos: cursos para o coitado do gando, alimentación e sanidade (PPO). Para Mulleres: Curso de bordado, hixiene e cociña. Para xoves: Clases nocturnas. Para todos: Tres meses de cultivo intensivo e consecución do carnet de tractorista. 2) Charlas sobre a creación de cooperativas agrícolas, e de consumo. 3) Visitas a cooperativas galegas de produción. 4) Conferencias sobre prezos do leite e da carne. 5) Visitas a matadeiros, de Porriño, Lugo e Ourense. 6) Concertos de compra da carne. 7) Creación de cooperativas. 8) Creación de un sindicato apolítico agrario SAGA e galego.

C) TRABALLOS COMUNITARIOS. 1) Traída de augas ás casas. 2) Asfaltado dos camiños nos pobos. 3) Construción de naveas para cooperativas. 4) Campos deportivos para xoves.

Outro apartado moi importante que se foi logrando, e hoxe en día continúa na mente e preocupación dos labregos é: Accións concretas e reivindicativas, para que os traballos, economía e cultura, se establecían entre os labregos e de cara ás institucións gubernamentais.

Xosé Benito Sieiro. Párroco do Carballiño.

¡VOLTA MEU REISEÑOR!

¿Onde estás meu reiseñor que este ano non volviche? ¿Vas a outra terra mellor, ou será por que morriche?

Meu nocturno trobador, o das notas de cristal, ningún paxaro canta mellor, ningún te pode igualar.

¡Volta meu reiseñor! Rei dos paxaros cantores, vén cantar meu trobador coma nos tempos mellores.

Non te sentín cantar entre A Pena e Señorín, e as noites quentes de luar caladas e tristes din.

Co cativiño que ti és, axigántaste ó cantar, a divina música que tes imposible é de arromedar.

Vén co teu feixe sonoro encher as noites do verán O zoar das follas é choro, as flores tristes están.

O teu pico maravilloso as noites do verán enchía, co teu cantar harmonioso cal celestial melodía.

A noite enteira sen parar ti, meu cantor pequeniño, cantas tenro para namorar á compañeira no niño.

¡Vén! non te esquezas de min, feu cantar dáme ilusión Se ti morriche perdín un anaquiño do corazón.

Gabriel Valeiras Muñoz

A Literatura Popular de Tradición Oral

Cando lles pregunto á xente de entre 70 e 90 anos, como foron os seus anos de infancia e xuventude, case todos coinciden en responderme: "Foron anos moi duros, de moita miseria, pero nós eramos moi alegres: a xente xuntábase na casa dos veciños a cantar, a contar contos, a cotillear sobre o último acontecemento da aldeia".

E nós temos a seguridade de que era así. O certo é que, cando non existía a luz eléctrica, e por conseguinte nin a radio nin a televisión, enchíanse as longas noites de inverno xunto á lareira contando contos, adiviñas lendas, cantando cantigas... De aí xorde unha literatura que se transmitía de boca en boca, e na que participaban dende os máis vellos ata os máis noviños, e que ademais pasaba de xeración en xeración.

Tamén no Carballiño e na súa comarca se daba isto. E había determinadas épocas do ano moi propicias para que esta literatura popular de tradición oral enchese un pouquiño o vacío da vida e dese a ledicia necesaria para que as persoas poidamos sobrevivir. Estas épocas eran: O Entroido, O Nadal, Aninovo e Reis. Era un costume bastante enraizado na nosa comarca o de ir cantar os Reis polas casa dos veciños, para ver se de paso lles daban algo como dicía a canción:

-CANTAMOSLLE OS REIS
DO QUIQUIRIQUI
E SE NON NOS DAN NADA
CAGAMOSLLO AQUI.

Pero simplemente cando os campesiños se xuntaban para facer os traballos: botar as patacas, esfoliar o millo... había algún que entonaba algunha cantiga e era seguido polos demais. E seguro que máis dunha vez se cantou esta tan coñecida que fala da nosa comarca:

-O CANTAR DO ARRIERO
E UN CANTAR MOI BAIXIÑO
CANDO CANTA EN RIBADAVIA
RESOA NO CARBALLIÑO.

Outras veces, mozos e mozas ían a desafío. Entre outras moitas cantábase esta na porta do fiadeiro: Eran os mozos de Esfarrapa e as mozas de Loureiro:

-DALLE O TARABELO NENA
E DEIXANOS PASO FRANCO
QUE OS MOCIÑOS DE ESFARRAPA
BOTAN AS PORTAS ABAIXO.
E contestábanlle as mozas:
-MOCIÑOS DE ESFARRAPA
HOXE VINDES ENGANADOS
QUE AS MOCIÑAS DE LOUREIRO
NON QUEREN ESFARRAPADOS.

Mais a nosa literatura popular é tan rica, que aínda temos outros xéneros de grande interese: un deles é o das lendas, e outro o dos contos. A diferenza que hai entre a lenda e o conto é que na lenda participan seres ou poderes sobrenaturais, pero que teñen unha localización espacial e mesmo temporal, mentres que o conto resultaría ser todo relato sen localización espaciotemporal e sen carácter transcendental.

E dicir: por poñer un exemplo: en tódolos lugares onde hai un castro (as "casas" dos nosos antepasados celtas) existe algunha lenda sobre mouros encantados. Na nosa comarca existen diversos castros: temos o de Santa Uxia de Lobás, o de Moldes, o de Godás do Río, na parroquia de Longoseiros...

Estes mouros, que non son os "musulmáns", resultan case sempre unha especie de "tribu" máxica á que se lle atribúen fenómenos supranormais.

Como dicía, outro dos Xéneros da nosa literatura popular oral, quizais un dos máis ricos é o dos contos: estos foron, durante moito tempo a literatura infantil dos nenos, privados da literatura escrita pero non do placer fantástico de escoitar os contos por boca dos seus avós ou dos seus pais.

E, en fin, habería que falar moito máis aínda da nosa literatura popular de tradición oral, pero... quizais outra vez, quizais poida seguir falando de algo que para nós hoxe, que vivimos na era da informática, do fax, do vídeo, da televisión, dos videoxogos, etc, isto do que estiven falando, é xa parte da nosa historia, ou aínda mellor dito, da nosa prehistoria.

En O Carballiño a 30-10-93.
Fdo. M^o Luisa Méixome Quinteiro.

HORIZONTAIS:

- A: Pequena Ave, de plumas pardas, moi común nos nosos campos no verán.- Guiso de fabas.
- B: Aparello usado para fondea-las embarcacións. Raiola que pasa rapidamente (Pl.) Símbolo do boro.
- C: Entrega. Producían sonidos moi estridentes. Repetición dun sonido por reflexión.
- D: Instrumentos musicais de vento, de forma ovoide.- Vocal. (O rev.) Natural de Arabia.
- E: Rebutle, móvese, fai barullo.- Puxera de xeonllos.
- F: Símbolo do nitróxeno.- Prefixo que significa "oído".- Regato moi fondo, que forma un cañón no que resoa o seu eco.- Sométese a unha orde.
- G: Femias dos cabalos.- Osixeno.- Décimo novena letra do alfabeto galego.- Adquiras cordura.
- H: (O rev.) Xabón líquido.- Levantade.- Interpretar un escrito.
- I: As vocais en desorde.- Sarta de doas, unidas por un fio, para contar certas oracións.- Río que limita Galicia e Asturias.
- L: Unidade monetaria de Grecia (Pl.).- Pequeno, ruín, de pouco valor.- Desta maneira.
- M: Virase abaixo.- Sociedades ou empresas que dependen de outras.- Consoante.
- N: Carta marcada co número un.- Oitava letra do alfabeto.- Espacio de terra fóra das poboacións.- Parte pequena de algo.

OS NOMES DOS NÓSOS LUGARES: SAGRA

Nesta vela terra que é Galiza, cada pobo que pasou, foi deixando a súa pegada; é polo que atoparemos no noso país nomes de tipo romano, de estilo xermánico, e aínda de moura feitura, (velai o caso da Almuzara) que testemuñan o paso dos latinos, dos suevos e dos mouros, respectivamente.

O particular xeito de adaptarse a xente á terra, fai que o noso recanto occidental sexa particularmente rico en asentamentos de poboación, e polo tanto en nomes. Podemos estar certos, que dun Nomenclátor español, máis do corenta por cento, corresponde a nomes radicados no Noroeste peninsular; isto ilustra algo que nós ben sabemos, que cada eido, cada monte, cada cantón da nosa terra, goza dun nome, e case sempre dun antiquísimo nome, que nos fornece información, dun anterior dono, dun tipo de construción ou dun xeito de traballo da terra; velai que, cando un deses nomes se perde, un anaco de información de como foi o país vaise, para sempre.

Mais, vaiamos ó caso do nome que nos ocupa que é explicar a orixe e significado dos nomes que escoitan cando oímos falar da parroquia de Sagra.

Nesta freguesía noméanse unha ducia de lugares que en orde alfabético serían: BOUTEIRO, A CARPACEIRA, CASANOVA, O CORVAL, A FRAGA, LEBUZAS, MIOMÁS, O PENEDO, A REGUENGA, A SEARA e TRIGÁS; o estudo destes nomes vainos afirmar no que dixemos denantes: antigos nomes de persoas, descrições abundanciais de vexetais, traballos da terra, edificacións rurais, etc.

Entre os que proceden de nomes de persoas clasificaremos a: BOUTEIRO, LEBUZAS E MIOMÁS, vexamos por que:

Xa no ano 1.272, aparece citado, como testemuña, nunha venda de herdades nos documentos de Oseira, un tal "Iohannes Iohannis de Bouteyro", ou sexa, Xoán de Bouteiro; así é que o noso lugar xa estaba aí, destacando o seu nome, hai setecentos anos.

A nosa opinión é, que nos atopamos diante dunha evolución galega do nome xermánico de WALTER, que tamén deu BALTAR e BALTEIRO, e entre nós, BOUTEIRO, do mesmo xeito que do latino ALTAR saíu OUTEIRO.

Non obstante, o noso Ernesto Atanasio, matina que podería relacionarse con outro nome de lugar que é A BOUTUREIRA, pola parte de Santiago, esta, sen dúbida lugar de VULTURES, é dicir, ABUTRES, esas aves de rapina, que designan a outro lugar de Sagra, O CORVAL, que, a xulgar polo nome, debeu ser local axeitado para a vida dos corvos.

BOUTEIRO, debeu vertebrar, en recuadísimos tempos, a freguesía enteira, pois aí está, a antiquísima ermida, ben anterior á actual parroquial, do ano 1652, segundo nos informa o seu culto párroco D. Francisco Lobelle.

No Bouteiro temos outro resto importante do que pudo ser tido o despegue industrial do noso país, estoume referindo ás ruínas da antiga fábrica de papel, que como a de

Lousado, ou a da Lavandeira, tiveron os seus bons días e, abaixo viferon! Por que?

LEBUZAS ou LEBUZAS, temos á forza que relacionalo co LEBUZAN de BEARIZ, e aí, todos os estudosos destes temas coinciden en detectar o nome latino de NEPOTE; serían pois, terras NEPOTIANAS, ou propiedade dun señor de tal nome, de onde saíría o chamadeiro do lugar.

Algo por o estilo acontece con MIOMÁS, que sería o lugar onde o antigo dono tiña, o para nós estraño nome de MUMMIUS, tamén iste, nome latino, do que hai pegadas na limia, nun lugar chamado MEAMAN, ou en Marín, onde temos un MIMÁNS, que xa se escribeu en tempos como MIOMÁNS, ben semellante ó noso veciño MIOMÁS: tamén no ano 1.206, asina un documento, "Pedro de MEOMAES, notario público do Rei en Terra de Castela, de Buval, et do Bolo de Senda".

Os lugares de CARPACEIRA, SEARA e TRIGÁS, deben os seus nomes á abundancia dalgún tipo de vexetal:

No primeiro caso, parece claro, que se refire ás carpazas, ise tipo de carqueixa, que tanto inza nos nosos montes.

Parece que en TRIGÁS, o mesmo que en CENTEÁS, estanse referindo a terras que foron adicadas en tempos á sementeira do trigo ou do "pan".

Aínda é hoxe, que se chaman SEARAS, ás terras de secano que producen grao, campos de meses; sendo esta un palabra que xa nos vén dos tempos latinos como SENARA, que tamén tivo o sentido de terra indivisa e de traballo colectivo.

Xa os nomes de CASANOVA, O PENEDO, ou A FRAGA, son claros, e aínda vixentes na fala de hoxe, polo que se asocian á descrição da feitura do terreo como penedoso, ou fragosas quebradas do monte cheas de arborado.

O nome da REGUENGA, que algúns queren referir á cuestión de regos e regueiras, non deixa lugar á dúbida se acudimos á abondosísima documentación medieval galega, que sempre utiliza esta palabra para referirse a terras REGALENGAS, ou sexa que tributan ó rei directamente, que non pagan ó señorío nen á Igrexa, senón que era quíñon directo das arcas reais.

E deixamos para o final o nome da parroquia enteira, SAGRA, onde é SAGRA?, SAGRA é todol, o nome designa, non un punto concreto, senón que é a demarcación, o territorio, a terra, aínda que se ten a tendencia a concretala no lugar onde está a igrexa, o que noutras parroquias se chama O IGREXARIO.

E velai, que este nome de SAGRA déixanos mergullados na dúbida: O primeiro que nos vén a mente e asociar este nome con algunha cuestión de tipo cristián ou sacramental, claro está logo pensamos no famoso Pico Sacro santiagués, pero, como comparar, todas as historias e lendas que rodean o tal monte, e que falan do ouro que recollían os nativos, cando fendía o raio á terra, as minas romanas, a presenza xacobeá, etc... coa modestia da nosa parroquia carballinesa.

Poderíamos pensar nunha SACRA VIRGO, nome que aparece no antigo glosario de Sta. Rosa Viterbo, cando se refire a aquelas piadosas mulleres DEO VOTAS, ofrecidas a Deus, que na alta Idade Media, acostumaban a adicar a súa vida ó recollemento e a oración e que foi a base de mosteiros femininos, como o de Ramirás, chamados tamén de DONAS, como aínda queda o nome na toponimia do noso país.

Nun lugar ven montesío da raía de Portugal, por terras da Xironda, temos o lugar de "Outeiro de María Sacra", que nos fai matinar na posibilidade de antigos eremitorios femininos.

Para soste tal hipótese, só poderíamos contar coa base material da igrexiña de BOUTEIRO, que debeu ser a orixe da cristianización do lugar.

É mágoa que non teñamos outro sitio na Galiza, e mesmo na España que non luza tal nome, pois se se repetise o chamadeiro noutro lugar poderíamos tirar algunha conclusión por comparación dos lugares.

Na Península temos, de nomes semellantes, aínda que nunca iguais: SAGRADA é unha aldea da Estrada, LA SAGRADA é nome de lugares salmantinos, LA SAGRERA en Cataluña, SAGRAJAS en BADAXOZ, SAGRADA e SAGRADE son lugares de Ourense, SAGREDO é cara Burgos, amén da FONSAGRADA luguesa... e se todos estes nomes teñen algo a ver coa nosa SAGRA, pode ser que nada de relixioso sexa a orixe do nome, imos ver: Nos dicionarios galegos, enténdese por SAGRANO terreo seco, que produce torróns ó aralo; SAGRANÓN é terra seca e ruín: no Valadouro chaman SAGRE a unha terra seca cunha vea de auga no medio, e por terras luguesas chaman SAGREDO, a un terreo duro e de area grosa; xa en Castela, chaman SAJARRO a un tipo de arxila branca.

Todo isto lévanos a pensar se non estará na base deste nome, o tipo de terra, sabregoso, que abonda nos montes da parroquia, e que agora se ven en explotación cara á parte de Godás.

Tamén matinamos nunha orixe en SOAGRA, de SUB AGRA, referíndose á parte baixa dunha antiga AGRA, pero non nos parece un nome axeitado para un territorio, xa que sería máis propio para un punto determinado.

SAGRABA, é o nome que o P. Sarmiento lle dá ás terras de aluvión no seu Catálogo de Voces...




ARBOSAGRO, PICO SAGRO ou FONSAGRADA, estaranse referindo a un campo, monte ou fonte santos? ou máis ben abondosos en sábreo?

OS SAGRADOS, é o nome de sete riscos asturianos; SAGRES, designa uns baixos areosos do mar de Arousa, así como unha cidade e litoral marítimo portugués, con que relacionaremos os tales nomes?, coa santidad ou coa area?

Por fin, velai quedan as nosas cavilacións ó redor do nome de SAGRA, debaténdose entre un antropónimo persoal e unha relación co tipo de chao que abonda na parroquia.

Que alguén con máis luces que nós lle dea a correctal.

César Varela.



VERTICAIS:

- 1: Aldea do concello de Pedrafita - do Cebreiro. - Intercección de incredulidade ou negación.
- 2: Cacho. - Certo fenómeno fonético do idioma galego (Pl.)
- 3: Sociedade en comandita. - Esfera oca - de metal cunhas boliñas dentro que soan ó axitala.
- 4: Folla das cebolas e dos allos. - (Ó rev.) Semente ou froito dos cereais. 5: Labrei a terra. - Acaso, disque.
- 6: (Ó rev.) Bancada, socalco. - Consoante. - Mil en romanos. - Matricula galega.
- 7: Cincuenta en romanos. - Persoa que escribe sobre a vida dos santos (Fem.).
- 8: Certo vento constante. - (Ó rev.) Dixo misa
- 9: Espiñazo do porco. - Certos tons do amarelo. - Disco de longa duración.
- 10: Dá aire co abano. - Nome de varón.
- 11: Vende sen cobrar ó contado. - Cincuenta. - Relativa ó aire.
- 12: Praias situadas nas desembocaduras dos ríos. - Porción de terra rodeada de auga por todas partes.
- 13: Matricula extremeña. - Microbio bacteriano en forma de bastón. - Preposición.
- 14: Ocupárase da súa limpeza persoal. - Agarradeira.
- 15: Cincocentos, en romanos. - Aberturas en forma de funil por donde os volcáns arrebolan a lava. - Cen.
- 16: Nai do pai ou da nai. - Antiga moeda romana. - Nome de número.

VOZ DAS PARROQUIAS sorteará un dicionario Galego entre os lectores que resolvan correctamente este encrucillado. O encrucillado resolto deberá remitirse, indicando os seus datos persoais, ó apdo. de correos 97 do Carballiño antes do día 30 de maio do 94. O sorteo farase o día 6 de Xuño, luns, as 8 do serán no local de A.V. Camiño, rúa Brasil nº 23.

Pompas Fúnebres "Carballiño"

SERVICIO
PERMANENTE

SEGUROS
DE DECESOS

Con unha simple chamada estaremos o seu lado
para solucionarlllo todo

Teléfono 27 40 00

OFICIÑAS: C/. Vulcano, 1 (frente a Igrexa Vella)
32500 CARBALLIÑO (Ourense)

AMBULANCIAS DO CARBALLIÑO, S. L.

SERVICIO PERMANENTE

Teléf. 27 40 00 - 27 10 79 - Fax 27 15 94

OFICIÑA:
C/. Vulcano, 1
frente Igrexa Vella



PARTICULAR:
Avda. Francisco
Castelló, 21 - 4.º


32500 CARBALLIÑO (Ourense)

¡¡ Estamos coas Parroquias !!

CINE ALAMEDA


ε Cinema Paradiso no CARBALLIÑO

*Tódo-los fins de semana, dúas boas películas
¡Ven o cine en pantalla grande!*



Cial. **ORCELLÓN, S. L.**

O CARBALLIÑO



Mosquera, 50
Teléf. 27 30 97

32500 CARBALLIÑO

AUTO - ESCOLA

CARBALLIÑO

Conde Vallellano, 45 - Tlf. 27 27 05
CARBALLIÑO (Ourense)

ESTABLECIMIENTOS

Celta

CONFECCIONES
MERCERIA

Rosalía de Castro, 15
Teléf. (988) 27 04 98

32500 CARBALLIÑO



Arte Floral Nenúfar

*Centros de mesa - Coroas
Plantas de xardín e interior
Deseño en ramos de noiva
Arreglos de flor seca*

Plaza Emilia Pardo Bazán, 38
Teléf. (988) 27 11 64

32500 CARBALLIÑO
(Ourense)



AXENCIA ANTÓN PÉREZ CARBALLIÑO, S. L.

- * ASESORIA FISCAL-LABORAL
- * VENTAS
- * SEGUROS
- * XESTIÓNS

Conde Vallellano, 20 - entlo.
Teléf. (988) 27 44 85 - 27 44 67

32500 CARBALLIÑO
(Ourense)



DISTRIBUIDOR OFICIAL
Gallina Blanca Purina

Serafín López González

Cesáreo Tizón, 25
Teléf. part. 27 10 95 - Ofic. 27 06 32

32500 CARBALLIÑO
(Ourense)